



ACTA DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN DE ASPIRANTE AO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA CONTRATACIÓN DUN/HA TRABALLADORA SOCIAL

Verín, 17 de abril de 2023.

Nas dependencias da Secretaría da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, ás 14:00 do día da data que consta no encabezado, réunese o tribunal e selección do proceso selectivo para a contratación dunha traballadora social para a resolución da reclamación presentada por Dña Tania Feijoo Quintas ás 13:46 do día 14/04/2023 con rexistro de entrada 2023-E-RC-70; solicitando a anulación ou modificación da pregunta 2 do exame teórico alegando que o artigo 9 da Orde que regula a axuda a domicilio en Galicia, no seu punto 1 di: "*Ausencia temporal del domicilio: en este caso el servicio podrá suspenderse por un máximo de tres meses, debiendo acreditar la persona usuaria las causas que motivan su ausencia*". A reclamante alega que a pregunta do exame, en ningún caso recolle que debe acreditar a persoa usuaria os motivos de dita suspensión, polo que xenera dúbidas ao encontrarse incompleta.

A pregunta 2 do exame teórico dí textualmente:

2.- Segundo o artigo 9 da Orde que regula a axuda a domicilio en Galicia, é causa de suspensión temporal a ausencia temporal do domicilio podendo ser suspendido dito servizo un periodo máximo de:

- a) 15 días
- b) 3 meses
- c) 6 meses
- d) 2 meses

A pregunta refírese ao período máximo de suspensión, non das posibles causas de suspensión do servizo, de feito as catro opcións de resposta son períodos de tempo, en ningún momento fala da causalidade, e como se pode comprobar según o artigo 9 de dita Orde que a temporalización é a opción B.



Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

Polo anterior, este tribunal **RESOLVE DESESTIMAR DITA RECLAMACIÓN** con base na argumentación sinalada.

O Presidente

Paulino Fernández Salgado

O Secretario

Santiago Lorenzo Taboada

A Vogal

Adela Rodríguez Rúa

O Vogal

Alejandro Fernández Otero